

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.
Grupo de Traballo do INE

INE/TRAGSATEC

O noso organismo, de seguir así, vaise converter nunha filial da empresa TRAGSA. Pese á incorporación dun destacable número de efectivos dos Grupos A1 e A2, **seguimos aumentando exponencialmente o orzamento dedicado á privatización de enquisas** que deberíamos realizar nos, e o que ten contratar temoneiros e non remeiros. Con esta dinámica, en non moito tempo será maior o orzamento dedicado a empresas externas que o do propio INE. Nesta reunión trasladamos, outra vez, a nosa petición para que o INE realice un estudo dos custos e calidade das enquisas que fan estas empresas co que supón facelo con medios propios, pero isto non lles interesa, coñecen perfectamente a resposta. Tamén puxemos de manifesto a incoherencia de privatizar por primeira vez a depuración da enquisa de Condicións de Vida ó mesmo tempo que se incorporan máis de 100 técnicos en estatística. Sacade as vosas conclusións.

Contrasta con esta axilidade privatizadora, a parálise no que se refire á xestión das relacións laborais:

- **O Consello de Dirección segue sen aclarar cales van a ser as funcións do persoal que superou a primeira convocatoria do Troco de Réxime Xurídico**, levamos meses insistindo en que este persoal ten dereito a que se aclare se como laborais sen complementos van a ter que facer traballos de campo cando sexan funcionarios/as. Iso que desde Función Pública din que isto compete exclusivamente ó INE. Nos **propuxemos un acordo por escrito para que as funcións queden determinadas en función dos complementos anteriores, e non á decisión dos/as Delegados/as** Provinciais, que por outro lado parece que é o que busca o INE coa súa inacción. O único que si parece que teñen claro é que o persoal laboral con xornada de tarde vai seguir con horario de tarde e sen compensación económica algunha, a diferenza doutro persoal funcionario do organismo que si cobra por ir polas tardes.
- **Tampouco existe decisión** do Consello de Dirección **sobre as unidades con moi poucos efectivos**. Recordade que desde a CIG reclamamos algunha actuación para aquelas unidades do INE nas que non existe un mínimo de persoal que garanta a prestación dos servizos (por exemplo as CATIs tarde). Desde o INE dixeron fai case un ano que estaban planificando unha serie de actuacións, pero a data de hoxe seguimos sen resposta.
- **Produtividade, vamos a aparentar que facemos algo para non cambiar nada**. Da nosa proposta dun novo acordo de produtividade por obxectivos, nada de nada. Dunha distribución máis xusta entre Servizos Centrais e Delegacións ou entre persoal funcionario e laboral, tampouco. A única preocupación é a minoración que pode supoñer, para algunhas persoas, as recentes incorporacións de Grupos A1 e A2, o de repartir hai quen o leva mal.
- Outro tema, paralizado desde fai anos, **e a valoración do galego nos concursos de traslados**, seguen dando longas. A CIG gañou unha sentenza sobre un concurso doutro ministerio no que o TSXG di que aqueles postos que teñan calquera a posibilidade de actuación coa cidadanía da nosa Comunidade Autónoma, teñen que ter puntuación na valoración de méritos dun concurso de traslados. Avisamos ó INE que nos concursos que di que vai a convocar proximamente, se non inclúen a valoración do galego, os impugnaremos.

Outros asuntos tratados nesta reunión foron; A Delegación da Coruña non se vai a trasladar a Correos, o local en estudo xa non está dispoñible, estudaran outras opcións.

O Consello de Dirección aprobou a elaboración dun Plan Integrado de Formación no que non se vai a contar coas organizacións sindicais, estorbamos. Xa veremos que pasa cando requiran fondos do noso Plan, como xa aconteceu algunha vez.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.

acoruna.estado@cigadmon.gal

Telf. 881 909 821

<https://www.cigadmon.gal/estatal>